

# 1

Devecer a orixe é albiscar  
un verso acelerando o latexo  
no medio da páxina en branco  
Fragmentos que saben a doce  
petiscos de luz.

Tentear o vento  
co rubor das primeiras veces  
saberse dona da súa dirección  
Pese a que a natureza asegure  
que ningunha matriz decide  
o seu futuro.

Só deixarse levar polas ondas  
que escorregan entre as dedas  
do devezos. Só recoñecerse  
a si mesma lonxe. Nun lugar  
no que esquecer os campos ermos.

A orixe dende o baleiro  
é máis clemente que a orixe  
sobre un terreo devastado  
Sempre hai unha acha  
á espreita ensaiando a puntaría.

Nas dunas que repousan no alto  
adiviñanse gromos  
de descoñecidas especies.

Xa non hai culpa no corpo tendido.

O intento de nomear  
o que abrolla, de idear

un xardín botánico abeirado  
nunha escuridade á que só  
eu chego.

O medo é unha eiva que florece entre as ruínas